

O tratamento das siglas en situacións comunicativas heteroxéneas dende unha perspectiva tradutolóxica¹

Treatment of Acronyms in Heterogeneous Communicative Situations from a Translational Perspective

Marie-Évelyne Le Poder

Universidad de Granada / Grupo AVANTI (HUM-763)

<https://orcid.org/0000-0002-8848-0699>

lepoder@ugr.es

Resumo: Os obxectivos do presente traballo de investigación consisten en achegarse ao concepto de comunicación especializada como fase previa ao estudo das siglas, delimitar a noción de sigla e a súa tipoloxía a partir dunha teoría comunicativa da terminoloxía, estudar as peculiaridades lingüísticas das siglas nun texto —pertencente ao eido das relacións laborais— sobre o impacto da transformación dixital no financiamento da Seguridade Social, e propoñer estratexias translativas en francés en situacións comunicativas heteroxéneas. A metodoloxía céntrase no informe en lingua española “El análisis del impacto de la transformación digital en el sistema de financiación de la Seguridad Social”, cuxa situación comunicativa é de emisor especialista a receptor especialista, e que serve de punto de partida para o desenvolvemento das fases metodolóxicas: descrición da encomenda de tradución, descrición das siglas do texto orixe, descrición das estratexias translativas propostas. Os resultados poñen de manifesto as estratexias que permiten satisfacer as expectativas do receptor do texto meta nas distintas situacións comunicativas contempladas: de especialista a especialista, de especialista a semiespecialista e de especialista a público xeral. Cada perfil de receptor fai uso da faceta comunicativa da terminoloxía, pero cada un require un tratamento específico das siglas.

Palabras clave: comunicación especializada, siglas, determinación, tipoloxización, tradución español-francés, situacións comunicativas heteroxéneas.

Abstract: The objectives of this research work consist of approaching the concept of specialized communication as a preliminary phase to the study of acronyms; delimitating the notion of acronym and its typology from a communicative theory of terminology; studying the linguistic peculiarities of

¹ Data de recepción: 09.03.2021. Data de aceptación: 14.06.2021.

Tradución ao galego por Alba Quinteiros-Soliño.

acronyms in a text belonging to the field of labor relations on the impact of digital transformation on the financing of Social Security; and proposing translational strategies in French for heterogeneous communicative situations. The methodology focuses on the Spanish-language report "The analysis of the impact of digital transformation in the Social Security financing system", whose communicative situation is from specialist sender to specialist receiver, and which serves as a starting point for the development of the methodological phases: description of the translation order; description of the acronyms of the source text; description of the translational strategies proposed. The results highlight the strategies that allow satisfying the expectations of the receiver of the target text in the different communicative situations contemplated: from specialist to specialist, from specialist to semi-specialist, and from specialist to the general public. Each receiver profile makes use of the communicative facet of the terminology, but each requires a specific treatment of acronyms.

Keywords: specialized communication, acronyms, determination, typologization, Spanish-French translation, heterogeneous communicative situations.

1. Introducción

Os obxectivos xerais da presente investigación son triples e articúlanse arredor de tres perspectivas: a perspectiva teórica, a perspectiva descritiva e a perspectiva práctica. En relación coa perspectiva teórica que pretende estudar a noción e a tipoloxía das siglas e revisar o seu tratamento na bibliografía, os obxectivos específicos son:

- Aproximarse á noción de comunicación especializada como fase previa ao estudo das siglas.
- Determinar a noción de sigla e a súa tipoloxía a partir dunha teoría comunicativa da terminoloxía.

No que se refire á perspectiva descritiva que consiste en observar as siglas en textos de especialidade, facendo fincapé nas súas singularidades lingüísticas, o obxectivo específico consiste en:

- Examinar as singularidades lingüísticas das siglas nun texto pertencente ao eido das relacións laborais sobre o impacto da transformación dixital no financiamento da Seguridade Social.

En canto á perspectiva práctica que busca propoñer estratexias translativas en francés para as siglas, considerando distintas situacións comunicativas, os obxectivos específicos son:

- Establecer estratexias nunha situación comunicativa de emisor especialista a receptor especialista.
- Formalizar estratexias nunha situación comunicativa de emisor especialista a receptor semiespecialista.
- Fixar estratexias nunha situación comunicativa de emisor especialista a receptor público xeral.

Este traballo de investigación articúlase arredor de tres partes principais: a primeira ocúpase do marco teórico, centrándose na noción de comunicación especializada e a determinación e tipoloxización das siglas; a segunda parte refírese ao marco metodolóxico

que sustenta o devandito traballo; e a terceira centra a súa atención no seu enfoque tradutolóxico, dividíndose en subpartes arredor da encomenda de tradución: a descrición das siglas do texto orixe e a descrición das estratexias translativas propostas.

2. Marco referencial teórico

2.1. A comunicación especializada

A investigación que se mostra no presente artigo require unha aproximación previa á noción de comunicación especializada suxeita a unha heteroxeneidade denominativa. Neste sentido, uns autores fan uso do termo *linguaxe* (de especialidade, especializada) etc. para remitirse á comunicación (especializada); outros, de termos como *textos* ou *discursos especializados*.

Así, Hoffmann (1998: 51) inclínase pola denominación “linguaxes de especialidade”, que define como “o conxunto de todos os recursos que se empregan nun ámbito comunicativo (delimitable no que respecta á especialidade) para garantir a comprensión entre as persoas que traballan nese ámbito²”.

Arntz e Picht (1995: 28), pola súa parte, optan polo termo *linguaxe especializada*, que delimitan como “a área da lingua que aspira a unha comunicación unívoca e libre de contradicións nunha área especializada determinada e cuxo funcionamento atopa un soporte decisivo na terminoloxía establecida³”.

Ciapuscio (2003: 25) pon de manifesto que a pluralidade denominativa constatada adoita corresponderse con enfoques distintos en relación ao obxecto de estudo e decántase pola denominación *textos especializados*, que define como “[...] produtos predominantemente verbais de rexistros comunicativos específicos, que se refiren a temáticas propias dun dominio de especialidade e que responden a convencións e tradicións retóricas específicas [...]”⁴. Non todos os lingüistas aceptan o uso do termo “linguaxe” para referirse á comunicación.

Cabré (1993: 128-129) afirma que as linguaxes de especialidade ou “linguaxes especializadas” se usan para

[...] facer referencia ao conxunto de subcódigos —parcialmente coincidentes co subcódigo da lingua común— caracterizados en virtude dunhas peculiaridades “especiais”, isto é, propias e específicas de cada un deles, como poden ser a

² Texto orixinal: “el conjunto de todos los recursos que se utilizan en un ámbito comunicativo (delimitable en lo que respecta a la especialidad) para garantizar la comprensión entre las personas que trabajan en dicho ámbito”.

³ Texto orixinal: “[...] el área de la lengua que aspira a una comunicación unívoca y libre de contradicciones en un área especializada determinada y cuyo funcionamiento encuentra un soporte decisivo en la terminología establecida”.

⁴ Texto orixinal: “[...] productos predominantemente verbales de registros comunicativos específicos, que se refieren a temáticas propias de un dominio de especialidad, y que responden a convenciones y tradiciones retóricas específicas [...]”.

*temática, o tipo de interlocutores, a situación comunicativa, a intención do falante, o medio en que se produce un intercambio comunicativo, o tipo de intercambio etc.*⁵

Máis tarde, Cabré (2002: 3-4) supera “[...] a discusión terminolóxica que pode acarrear o uso dos termos *texto* e *discurso* [...]”⁶, usando ambos como sinónimos, e afirma que á hora de analizar un texto haberá que ter en conta as condicións discursivas referidas ás características do proceso discursivo, que poden explicar a xeración dun texto e que interactúan permanentemente con el, e a estrutura textual, que inclúe tanto a macroestrutura como a microestrutura, que se corresponde co texto en tanto que estrutura.

A estrutura formal comprende a estrutura formal do texto —relacionada co xénero textual e o tipo de texto—, a estrutura informativa —relativa ao coñecemento contido nos discursos especializados que adoita transmitirse por medio dos termos— e a estrutura lingüística —que abrangue os niveis fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos, léxico-semánticos e textuais—.

Alén da constatación de que a noción de comunicación especializada está suxeita a unha heteroxeneidade denominativa, queda patente que o seu obxectivo final consiste na transmisión dun coñecemento especializado que, polo esencial, está recollido nos termos (nivel morfosintático), expresións lingüísticas de conceptos (nivel semántico). Este coñecemento especializado, cuxo emisor é un especialista, pode transmitirse a distintos perfís de receptores: especialistas, semiespecialistas e público xeral.

2.2. As siglas: determinación e tipoloxización

2.2.1. Determinación

Lexitimadora da terminoloxía como elemento clave da comunicación especializada, real e variada, a Teoría Comunicativa da Terminoloxía (TCT) trata a terminoloxía e a comunicación especializada dende unha perspectiva lingüística que é palpable a través de varios dos seus principios, segundo os cales, por un lado, a terminoloxía constitúe unha materia que se ocupa da relación entre operacións cognitivas e expresións lingüísticas e, polo outro, a información de contido especializado, dende un enfoque cognitivo, se centra en unidades de coñecemento especializado coñecidas como UCE (Lorente Casafont, 2002: 159-179).

Estas UCE poden ser unidades de linguaxe natural ou unidades de linguaxe artificial. No caso das unidades de linguaxe natural, abranguen as unidades morfolóxicas especializadas (prefixos, sufixos, formantes), as unidades fraseolóxicas especializadas (nominais, verbais, adxectivais, adverbais) e as unidades léxicas especializadas (ULE) (nomes, verbos,

⁵ Texto orixinal: “[...] hacer referencia al conjunto de subcódigos —parcialmente coincidentes con el subcódigo de la lengua común— caracterizados en virtud de unas peculiaridades ‘especiales’, esto es, propias y específicas de cada uno de ellos, como pueden ser la temática, el tipo de interlocutores, la situación comunicativa, la intención del hablante, el medio en que se produce un intercambio comunicativo, el tipo de intercambio, etc.”.

⁶ Texto orixinal: “[...] la discusión terminológica que puede acarrear el uso de los términos *texto* y *discurso* [...]”.

adxectivos, adverbios). Estas últimas, que se articulan arredor de unidades léxicas e sintagmas léxicos, conforman os termos ou unidades terminolóxicas.

Os termos categorízanse en función de diversos parámetros entre os que se atopa a forma. Dende o punto de vista formal, considéranse o número de morfemas —simples ou complexos—, o tipo de morfema, o feito de que os termos poidan estar compostos por unha combinación de palabras —dando lugar a sintagmas terminolóxicos—, e os termos supostamente simples, pero que se caracterizan por ter unha orixe complexa. Entre estes últimos, atópanse as siglas e abreviaturas. A sigla, variante acurtada da súa forma desenvolvida (Cabré e Giraldo, 2006: 100), alcanza un estatus similar ao da súa forma desenvolvida e, polo tanto, adquire a condición de unidade terminolóxica.

Representativas da realidade especializada, as unidades terminolóxicas son tamén transmisoras do coñecemento especializado e correspóndense co marco comunicativo dun emisor, que é un especialista ou mediador da comunicación especializada, malia que o receptor poida presentar un perfil variado. Así pois, o emisor que busca difundir o coñecemento ten que considerar as características do receptor para, dun modo ou outro, adaptar o seu discurso ao receptor final. Do mesmo xeito, o tradutor, emisor do Texto Meta (TM), debe ser consciente do contexto de recepción da súa tradución.

2.2.2. Tipoloxización

No tocante á tipoloxización, a sigla representa unha unidade formada polos caracteres alfanuméricos dun termo composto, cuxa pronunciación pode ser alfabética, silábica ou ambas. Ademais, distínguense dúas clases de siglas que se corresponden coas siglas propias e as siglas mixtas, respectivamente. As siglas propias defínense como “unidades de redución formadas exclusivamente a partir das iniciais de unidades léxicas de estrutura sintagmática⁷” (Giraldo Ortiz, 2012: 509), como se pode comprobar nos seguintes exemplos:

LPL (Ley de procedimiento laboral)

RL (Relaciones Laborales)

As siglas impropias constitúen “unidades de redución nas que se utilizaron caracteres secundarios (letras que non son iniciais da unidade léxica, cifras, símbolos) ou omitiron partes fundamentais da forma desenvolvida (ou significado da sigla)⁸” (Giraldo Ortiz, 2012: 509). Á súa vez, as siglas impropias divídense en tres subtipos: siglas impropias típicas, acrónimos e cruces (*blends*). As siglas impropias típicas caracterízanse por seren “[...] unidades que empregan ou omiten partes fundamentais da súa forma desenvolvida e cuxa pronunciación pode ser alfabética, silábica ou ambas⁹” (Giraldo Ortiz, 2012: 509):

⁷ Texto orixinal: “Unidades de redución formadas exclusivamente a partir de las iniciales de unidades léxicas de estructura sintagmática”.

⁸ Texto orixinal: “unidades de redución en las que se han utilizado caracteres secundarios (letras que no son iniciales de la unidad léxica, cifras, símbolos) u omitido partes fundamentales de la forma desarrollada (o significado de la sigla)”.

⁹ Texto orixinal: “[...] unidades que emplean u omiten partes fundamentales de su forma desarrollada y cuya

AOP (Asociación Española de Operadores de Productos Petrolíferos)

Os acrónimos refírense a “[...] unidades formadas por varios grupos de letras dos elementos da forma desenvolvida, cuxa pronunciación é exclusivamente silábica; é dicir, aquelas formas de redución léxica onde non se respectou o principio primario de tomar das unidades léxicas só a letra inicial¹⁰” (Giraldo Ortiz, 2012: 509):

CEPYME (Confederación Española de la Pequeña y Mediana Empresa)

Os cruces fan referencia a “[...] unidades similares ao acrónimo, pero formadas mediante a combinación de dous segmentos dunha unidade léxica de estrutura sintagmática e de pronunciación silábica¹¹” (Giraldo Ortiz, 2012: 509). As formas que presentan son susceptibles de variación en función dos seus segmentos constitutivos. En consecuencia, poden acoplar os segmentos iniciais do primeiro e segundo elemento do sintagma:

ECOFIN (Economic and Financial Affairs Council)

Ademais das dúas clases de siglas expostas, convén referirse aos chamados siglónimos, que representan siglas lexicalizadas, posto que pasaron a formar parte da lingua xeral como calquera palabra, suxeitándose ás súas regras. O fenómeno de lexicalización fai que vaian perdendo as maiúsculas, como no caso da sigla IVA, que seguiu as seguintes etapas:

Impuesto sobre el Valor Añadido → I.V.A. → IVA → iva

3. Marco referencial metodolóxico

A metodoloxía céntrase no informe en lingua española “El análisis del impacto de la transformación digital en el sistema de financiación de la Seguridad Social”¹², que forma parte do proxecto “El impacto de la robótica avanzada en el sistema de relaciones laborales”, financiado pola Fundación COTEC¹³ para a Innovación, cuxa situación comunicativa é de emisor especialista a receptor especialista. Este informe serve de punto de partida para o desenvolvemento das seguintes fases metodolóxicas: descrición da encomenda de tradución; descrición das siglas do texto orixe; descrición das estratexias translativas propostas, considerando distintas situacións comunicativas.

pronunciación puede ser alfabética, silábica o ambas”.

¹⁰ Texto orixinal: “[...] unidades formadas por varios grupos de letras de los elementos de la forma desarrollada, cuya pronunciación es exclusivamente silábica; es decir, aquellas formas de redución léxica donde no se ha respetado el principio primario de tomar de las unidades léxicas sólo la letra inicial”.

¹¹ Texto orixinal: “[...] unidades similares al acrónimo, pero formadas mediante la combinación de dos segmentos de una unidad léxica de estructura sintagmática y de pronunciación silábica”.

¹² <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 02/01/21].

¹³ <https://cotec.es/jornada-sobre-el-impacto-de-la-robotica-en-el-sistema-de-la-seguridad-social/> [Data de consulta: 02/01/21].

4. Enfoque tradutor da investigación

4.1. A encomenda de tradución

4.1.1. Texto orixe

O texto orixe debe traducirse á lingua francesa. Gamero (2001: 51) determina no eido da comunicación especializada unha serie de factores con vistas a definir os xéneros: os trazos convencionais, a función textual, os elementos da situación comunicativa, o peso do contexto sociocultural e os elementos intratextuais.

Os trazos convencionais remiten aos elementos que se poden observar no acto comunicativo, isto é, ás características estruturais e aos aspectos intratextuais, incluídos o grao de formalidade do texto, o léxico empregado, o grao de densidade terminolóxica, o recurso a elementos gráficos non verbais etc. O texto que nos concirne ten unha extensión de 56 páxinas e consta de 23 400 palabras. A información artículase arredor de apartados e subapartados. En función dos seus obxectivos, o texto mostra un elevado grao de densidade terminofraseolóxica, na que se atopan siglas propias, impropias (acrónimos) e siglónimos. No referente á función textual, que se corresponde coa reacción que o emisor intenta producir no receptor, é informativa.

Respecto da situación comunicativa, convén considerar distintos elementos (Gamero, 2001: 55): emisor, receptor, campo, modo e *tenor*. A finalidade comunicativa do informe radica en analizar o impacto da transformación dixital no sistema de financiamento da Seguridade Social para contribuír ao debate social, académico e político que esta cuestión de vital relevancia require no noso Estado do Benestar. As autoras-emisoras do informe son docentes investigadoras do Departamento de Dereito do Traballo e da Seguridade Social das universidades de Granada e de Barcelona, así como do Departamento de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Granada. En canto aos receptores, son especialistas en relacións laborais, recursos humanos e economía.

O factor do contexto sociocultural repercute directamente no informe por medio do uso de convencións, é dicir, que este contexto no que se produce tamén inflúe no seu aspecto final coa imposición de convencións propias da cultura orixe.

No tocante aos elementos intratextuais, o informe está caracterizado por unha elevada densidade terminofraseolóxica. Ademais, no referente á súa macroestrutura, organízase da seguinte maneira: título, páxina 1; autoras, páxina 2; índice, páxina 3; abreviaturas, páxina 4; resumo executivo, páxinas 5 a 7; introdución, páxinas 8 a 9; premisas iniciais, páxinas 10 a 13; medidas a medio-curto prazo, páxinas 14 a 43; medidas a longo prazo, páxinas 44 a 50; reflexión final, páxina 51; bibliografía, páxinas 52 a 56. No apartado de abreviaturas aparecen todas as siglas propias e impropias utilizadas no informe coa súa forma desenvolvida, que se corresponde co seu significado.

4.1.2. Texto meta

O texto orixe debe traducirse á lingua francesa considerando tres situacións comunicativas en relación con tres perfís de receptores: especialista, semiespecialista e público xeral.

A grandes trazos, un especialista pódese definir como un profesional que recibiu unha formación específica nun determinado eido de coñecemento. Este perfil de receptor recibe a información a través de discursos especializados, con niveis de abstracción e especialización heteroxéneos (Hoffmann, 1998), que se concretan en artigos de investigación, congresos para especialistas, informes etc. O perfil de semiespecialista pódese delimitar como un persoal en formación nun determinado ámbito, que accede á información mediante discursos divulgativos presentes en manuais, enciclopedias ou libros de texto. O perfil do público xeral pódese determinar como un colectivo diverso, que abrangue a persoas non especialistas nun determinado ámbito de coñecemento e que, polo xeral, non teñen formación en ningunha área moi especializada. O público xeral ten acceso á información especializada por medio de discursos divulgativos que aparecen, entre outros, nas seccións da prensa xeralistas relativas á información científica, económica-financeira etc. Por conseguinte, os diversos graos de competencia asociados aos distintos perfís de receptores da comunicación especializada exixirá, por parte do emisor, o uso de terminoloxías en maior ou menor medida específicas para cumprir coa finalidade comunicativa establecida.

4.2. Descrición das siglas do texto orixe

4.2.1. Tipoloxía das siglas coa súa forma desenvolvida

1. Siglas propias

BEPS (Base Erosion and Profit Shifting)
ET (Estatuto de los Trabajadores)
LGSS (Ley General de la Seguridad Social)
MOOC (Massive Open Online Course)
OCDE (Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos)
ONU (Organización de las Naciones Unidas)
PAE (Políticas Activas de Empleo)
PGE (Presupuestos Generales del Estado)
RBU (Renta Básica Universal)
UE (Unión Europea)

2. Acrónimos (siglas impropias)

AIRef (Autoridad Independiente de la Responsabilidad Fiscal)
AEVAL (Agencia Estatal de Evaluación de las Políticas Públicas y la Calidad de los Servicios)
TRADE (Trabajador autónomo económicamente dependiente)

3. Siglónimo

IVA (Impuesto sobre el Valor Añadido)

4.2.2. Estrutura das formas desenvolvidas

As formas desenvolvidas das siglas remiten a unidades terminolóxicas e unidades fraseolóxicas especializadas. As unidades terminolóxicas mostran unha estrutura de tipo Nome + Adxectivo (N + A), mentres que as unidades fraseolóxicas especializadas, de núcleo nominal, indican unha tipoloxía diversa: Nome + Sintagma Preposicional (N + SP); N + SP de estrutura complexa (SP composto por Preposición (P) + Sintagma Nominal (SN), onde SN é N + A); N + Sintagma Adxectivo (SA), onde SA está composto por A + SP; SN + A, onde SN está composto por N + A; SN + SP (SP de estrutura complexa constituída por P + SN); SN + A; N + SP (de estrutura complexa por coordinación); SN + SP (de estrutura complexa por coordinación); SN + Sintagma Adverbial composto por Adverbio (Adv.) + A.

- Unidades terminolóxicas:

N + A: Unión Europea

- Unidades fraseolóxicas especializadas:

N + SP: Estatuto de los Trabajadores

N + SP (de estrutura complexa: SP composto por P + SN, onde SN é N + A):
Impuesto sobre el Valor Añadido

N + SA (SA composto por A + SP): Políticas Activas de Empleo; Presupuesto
Generales del Estado

SN + A (onde SN está composto por N + A): Renta Básica Universal

SN + SP (de estrutura complexa constituída por P + SN): Autoridad Independiente
de la Responsabilidad Fístal; Ley General de la Seguridad Social

SN + A: Organización de las Naciones Unidas

N + SP (de estrutura complexa por coordinación): Cursos en Línea Masivos y
Abiertos; Erosión de la Base Imposible y Traslado de Beneficios; Organización
para la Cooperación y el Desarrollo Económicos

SN + SP (de estrutura complexa por coordinación): Agencia Estatal de Evaluación
de las Políticas Públicas y la Calidad de los Servicios

SN + Sintagma Adverbial (composto por Adv. + A): Trabajador autónomo
económicamente dependiente

4.2.3. Siglas en contexto¹⁴

1. Siglas propias

¹⁴ Nota da tradutora: Tratándose de textos que forman parte do corpus elixido pola autora, non procederemos á súa tradución ao galego, como fixemos coas citas, nin no caso dos exemplos en castelán (neste apartado) nin no caso dos exemplos en francés (apartado 4.3.3).

BEPS

“Por otro lado, un número cada vez más considerable de Estados, en el marco de las acciones BEPS, están incorporando medidas con las que pretenden hacer frente a las prácticas de planificación fiscal agresiva de las grandes empresas multinacionales (que, en muchos casos son sociedades tecnológicas o altamente digitalizadas, aunque no exclusivamente)”¹⁵.

Neste caso, a sigla en contexto aparece só unha vez.

ET

“También podría contemplarse exceptuar de esta específica obligación de cotizar; de un lado, a las empresas que, a pesar de haber prescindido de parte de su personal como consecuencia de la automatización de ciertas fases de su ciclo productivo, acrediten contratar; en paralelo, otro tipo de perfiles profesionales relacionados con la tecnología y, en términos agregados, mantengan o aumenten su plantilla, y, de otro lado, los casos en los que la extinción de la relación laboral obedezca a una falta de adaptación del trabajador a las mejoras tecnológicas introducidas en la empresa (causa de despido por causas objetivas conforme al artículo 52.b ET)”¹⁶.

A sigla en contexto aparece dúas veces en relación a determinados artigos do estatuto.

LGSS

“Partimos, tal y como está previsto en la LGSS, de un sistema financiero de reparto”¹⁷.

A sigla en contexto aparece seis veces.

MOOC

“Una forma que ya se está empezando a utilizar es la realización de cursos masivos abiertos en red (MOOCs), entre otros”¹⁸.

Aparece a sigla precedida da súa forma desenvolvida en español unha vez.

OCDE

“En primer lugar, tanto en el marco de la OCDE como de la UE se presenta como una solución temporal o transitoria a la espera de que se consensue un nuevo marco normativo internacional”¹⁹.

A sigla en contexto aparece tres veces.

ONU

“Con el fin de conseguir que las grandes empresas —especialmente las tecnológicas o altamente digitalizadas— paguen su parte justa de impuestos (fair share tax) en los países en los que generan valor y, por esta vía, incrementar los ingresos tributarios de los países en los que operan, se ha emprendido en los últimos años una cruzada, liderada por organismos internacionales como la OCDE y ONU, y especialmente, en nuestro ámbito, por la UE, sin que hasta la fecha se haya alcanzado consenso alguno acerca de una solución jurídica vinculante”²⁰.

A sigla en contexto aparece unha vez.

¹⁵ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 06/01/21]

¹⁶ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 06/01/21]

¹⁷ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 06/01/21]

¹⁸ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 06/01/21]

¹⁹ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 08/01/21]

²⁰ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf>

PAE

“Es en el marco de esta Estrategia donde se tendrían que consensuar las medidas que ayuden a financiar el sistema público de Seguridad Social y siempre teniendo en cuenta otras actuaciones en otros ámbitos, como puede ser la propuesta de medidas de adaptación al nuevo contexto tecnológico de la regulación del mercado de trabajo y otros mercados, normas de defensa de la competencia o la mejora de la política educativa y las políticas activas de empleo, como en este Informe apuntamos”²¹.

A forma desenvolvida da sigla aparece dúas veces.

PGE

“Existe un grave problema de financiación de la Seguridad Social que se refleja de forma objetiva en el déficit de 31.000 millones estimado para 2019 por parte de diferentes instituciones, que superará en unos 1.500 millones el previsto en los Presupuestos Generales del Estado de 2018”²².

A forma desenvolvida da sigla aparece unha vez.

RBU

“En este contexto, la Renta Básica Universal (RBU), igual que otras medidas como el reparto del trabajo y la consiguiente reducción de jornadas laborales, empezará a no considerarse como utopía sino como necesidad para responder a las exigencias del Estado Social, así como para mantener la paz social”²³.

“La RBU podría ser un hito, un paso más en la evolución de los sistemas Estatales de protección ciudadana propios de un Estado Social. Constituye una medida de protección, pero también un instrumento de redistribución de la riqueza en el contexto de un sistema económico afectado por la revolución en las nuevas formas de producción”²⁴.

Aparece unha vez a sigla precedida da súa forma desenvolvida e seis veces a sigla soa.

UE

“Medidas que se basan en propuestas que ha planteado la Unión Europea o instituciones del ámbito internacional, así como países tanto de Europa, como de Asia y América, líderes en robótica y con un importante avance en la transformación digital”²⁵.

“Con el fin de conseguir que las grandes empresas —especialmente las tecnológicas o altamente digitalizadas— paguen su parte justa de impuestos (fair share tax) en los países en los que generan valor y, por esta vía, incrementar los ingresos tributarios de los países en los que operan, se ha emprendido en los últimos años una cruzada, liderada por organismos internacionales como la OCDE y ONU, y especialmente, en nuestro ámbito, por la UE, sin que hasta la fecha se haya alcanzado consenso alguno acerca de una solución jurídica vinculante”²⁶.

Aparece a forma desenvolvida da sigla 8 veces e a sigla soa 2 veces. O primeiro que aparece no informe é a forma desenvolvida.

Social.pdf [Data de consulta: 08/01/21]

²¹ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 09/01/21]

²² <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 09/01/21]

²³ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 09/01/21]

²⁴ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 09/01/21]

²⁵ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 09/01/21]

²⁶ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 09/01/21]

2. Acrónimos (siglas impropias)

AIRef

“Por su parte, la Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal (AIRef), en un estudio sobre el gasto público en España del año 2018 y concretamente en relación con las políticas activas de empleo⁵⁵, señala que la eficacia de los incentivos a la contratación es “dudosa y de alto coste” y de “debatida eficiencia a la hora de reducir el desempleo”²⁷.

Aparece o acrónimo precedido da súa forma desenvolvida unha vez.

AEVAL

““Concretamente se produjo una evaluación por parte de la ya extinta Agencia Estatal de Evaluación de las Políticas Públicas y la Calidad de los Servicios (AEVAL) sobre la reforma laboral de 2006, para determinar si los incentivos a la contratación contribuían a reducir la temporalidad y además mejoraban la posibilidad de acceder al empleo de los colectivos en situación de difícil inserción”²⁸.

“Así, de este modo, se evitaría su dispersión normativa fruto de su nacimiento de diferentes reformas y también se podrían restringir al máximo para colectivos y/o tamaños de empresa determinados, como ya puso de manifiesto en su momento la AEVAL”²⁹.

Aparece o acrónimo precedido da súa forma desenvolvida unha vez e o acrónimo só unha vez.

TRADE

“Dar el paso de reconocer la dependencia económica como un factor más, determinante de la laboralidad del vínculo entre trabajador y empresa, conllevaría, probablemente, la necesidad de exigir una mejor definición o acotación del TRADE (trabajador autónomo económicamente dependiente), figura regulada por la Ley 20/2007, de 11 de julio, en el Estatuto del Trabajador Autónomo (Capítulo III, artículos 11 y ss)”³⁰.

“Las empresas tendrían que reconocer como empleados por cuenta ajena a trabajadores que con la regulación actual quedan fuera del ámbito de aplicación del Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social, con el incremento de costes y responsabilidades que ello conlleva, si bien esto solo afectaría a empresas que usan la figura del TRADE para casos que están en la zona gris entre la laboralidad y el verdadero trabajo autónomo”³¹.

Nun caso, aparece o acrónimo seguido da súa forma desenvolvida e, noutro, só o acrónimo.

3. Siglónimo

IVA

“Financiar los gastos de pensiones no contributivas con incrementos de tipos de gravamen IVA y, especialmente, con tributos medioambientales”³².

O siglónimo aparece só unha vez.

²⁷ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 09/01/21]

²⁸ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 09/01/21]

²⁹ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 09/01/21]

³⁰ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 09/01/21]

³¹ <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf> [Data de consulta: 09/01/21]

³² <https://sd2.ugr.es/wp-content/uploads/2019/10/ImpactoTranformacionDigitalenlaFinanciacionSeguridadSocial.pdf>

4.3. Descrición das estratexias translativas propostas

4.3.1. Situación comunicativa de especialista a especialista

1. Siglas propias

BEPS

No discurso especializado, é moi frecuente comprobar a presenza de préstamos puros procedentes da lingua inglesa, aquelas unidades lingüísticas que se integran na lingua sen modificacións. Daquela, os especialistas conseguen terminoloxía a partir da lingua de innovación, “[...] familiarizándose con ela e adaptándoa á súa lingua materna cando lles resulta fácil ou posible”³³ (Bosco Camón, 1998; Montero Martínez *et al.*, 2001). No caso da sigla BEPS,ponse primeiro a tradución do significado da sigla en francés e, entre parénteses, a sigla correspondente e o seu significado na lingua orixe: “*l’Erosion de la base d’imposition et le transfert de bénéfices* (BEPS ‘Base Erosion and Profit Shifting’)”³⁴.

ET

Na lingua meta non existe unha tradución oficial, acuñada, para esa sigla española, polo que, se se mantén tal cal no texto meta, é probable que o receptor non a poida descifrar aínda que sexa un especialista. Así, tradúcese o que a sigla significa e, despois, explícase de onde provén: a sigla *ET*, que significa *Estatuto de los Trabajadores*, tradúcese por “*le Statut des travailleurs espagnol*”³⁵ e, entre parénteses, escríbese “(Estatuto de los Trabajadores, *ET*), polas súas siglas en español”.

LGSS

En francés non existe unha tradución oficial para esta sigla española. En consecuencia, tradúcese o significado da sigla e, a continuación, explícase de onde provén: “*la Loi de financement de la Sécurité sociale espagnole* (Ley General de la Seguridad Social, *LGSS*)”³⁶. Do mesmo xeito que ocorría coa sigla precedente, non se pode afirmar con total seguridade que o receptor especialista teña nocións do eido das relacións laborais en lingua española.

MOOC

É un caso similar ao da sigla *BEPS*. Proponse primeiro a tradución do significado da sigla na lingua meta e, a continuación, preséntase a sigla correspondente e o seu significado na lingua orixe: “*les cours en ligne ouverts et massifs* (*MOOC* ‘Massive Open Online Course’)”³⁷.

Social.pdf [Data de consulta: 09/01/21]

³³ Texto orixinal: “[...] familiarizándose con ella y adaptándola a su lengua materna cuando les resulta fácil o posible”.

³⁴ <https://www.oecd.org/fr/ctp/beps/> [Data de consulta: 25/01/21]

³⁵ <https://travail-emploi.gouv.fr/sante-au-travail/statut-des-travailleurs-et-dispositions-particulieres/> [Data de consulta: 25/01/21]

³⁶ <https://www.vie-publique.fr/fiches/21969-les-lois-de-financement-de-la-securite-sociale-lfss>

³⁷ <http://www.sup-numerique.gouv.fr/pid33135/catalogue-de-moocs-cours-en-ligneouverts-et-massifs.html>

OCDE – ONU – UE

Estas siglas contan cunha tradución oficial ao francés, polo que se manteñen no texto meta, tendo en conta que presentan a mesma grafía que as siglas en español.

PAE

Non hai unha tradución oficial desta sigla na lingua meta. Proponse a tradución “*les Politiques actives du marché du travail espagnol*” —que é a terminoloxía empregada en francés para referirse ao aumento das posibilidades de acadar un emprego³⁸—, precisando entre parénteses “(Políticas Activas de Empleo, *PAE*)”.

PGE

Do mesmo xeito, a sigla española *PGE* non ten unha tradución oficial en francés. Tradúcese por “*le Budget général de l’État espagnol*”, seguido, entre parénteses, por “(Presupuestos Generales del Estado, *PGE*)”³⁹.

RBU

Sen tradución oficial; proponse a tradución “*le Revenu de base espagnol*” ou “*le Revenu universel espagnol*” —a cal se refire á terminoloxía empregada na lingua meta para referirse ao sistema de seguridade social no que todos os cidadáns ou residentes dun país reciben regularmente unha suma de diñeiro sen condicións⁴⁰— e, entre parénteses, “(Renta Básica Universal, *RBU*)”.

2. Acrónimos (siglas impropias)

AIRef

Preséntase unha tradución literal do significado do acrónimo. “*l’Autorité indépendante pour la responsabilité fiscale espagnole*”, seguida entre parénteses por “(Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal, *AIRef*)”.

AEVAL

Este caso é similar ao do acrónimo *AEVAL*. Proporcionase unha tradución na lingua meta, “*l’Agence nationale d’évaluation des politiques publiques et de la qualité des services publics en Espagne*”, especificando entre parénteses “(Agencia Estatal de Evaluación de las Políticas Públicas y la Calidad de los Servicios, *AEVAL*)”.

[Data de consulta: 25/01/21]

³⁸ https://ec.europa.eu/info/sites/info/files/file_import/european-semester_thematic-factsheet_active-labour-market-policies_fr.pdf [Data de consulta: 27/01/21]

³⁹ <https://www.economie.gouv.fr/facileco/comptes-publics/budget-etat#:~:text=Pour%20l’ann%C3%A9e%202020%2C%20les,%2C%205%20milliards%20d’euro> [Data de consulta: 27/01/21]

⁴⁰ <https://www.franceinter.fr/revenu-de-base-ou-revenu-universel-solutions-efficaces-face-a-la-crise-sanitaire-et-economique> [Data de consulta: 29/01/21]

TRADE

Como ocorría no caso anterior, tradúcese literalmente o significado do acrónimo (“*le travailleur autonome économiquement dépendant en Espagne*”) e acompáñase co significado do acrónimo en lingua española e o propio acrónimo: “(Trabajador autónomo económicamente dependiente, *TRADE*)”.

3. Siglónimo

IVA

Este siglónimo ten unha tradución oficial ao francés, que é “*la TVA espagnole*”. En consecuencia, inclúese así no texto meta.

4.3.2. Situación comunicativa de especialista a semiespecialista

No marco dunha situación comunicativa de especialista a semiespecialista, as estratexias aplicadas para a tradución das siglas non sofren alteracións. A tradución dos significados garántelle ao semiespecialista a súa comprensión plena.

4.3.3. Situación comunicativa de especialista a público xeral

As necesidades do público xeral, que se singulariza por representar un colectivo moi variado que reúne a persoas non expertas nun determinado eido do coñecemento e que, polo xeral, non teñen formación en ningunha área moi especializada, son outras. En efecto, este perfil de receptor tamén fai uso da faceta comunicativa da terminoloxía, pero necesita que as unidades lingüísticas sexan máis transparentes para lograr comprender o seu contido, é dicir, as nocións ás que se refiren. Por conseguinte, nos casos de translación das siglas, é determinante engadir explicacións a pé de páxina ou no corpo da tradución para a plena comprensión por parte do público xeral, tal e como se mostra a continuación:

1. Siglas

BEPS

L’Erosion de la base d’imposition et le transfert de bénéfiques (BEPS ‘Base Erosion and Profit Shifting’), *fait référence aux stratégies de planification fiscale qui exploitent les failles et les différences dans les règles fiscales en vue de faire « disparaître » des bénéfiques à des fins fiscales ou de les transférer dans des pays ou territoires où l’entreprise n’exerce guère d’activité réelle*⁴¹.

ET

Le Statut des travailleurs (Estatuto de los Trabajadores, ET), *ensemble des dispositions relatives à la protection du travailleur dans les lieux de travail*⁴².

⁴¹ <https://www.oecd.org/fr/ctp/beps/> [Data de consulta: 29/01/21]

⁴² <https://travail-emploi.gouv.fr/sante-au-travail/statut-des-travailleurs-et-dispositions-particulieres/> [Data de consulta: 30/01/21]

LGSS

La Loi de financement de la Sécurité sociale espagnole (Ley General de la Seguridad Social, LGSS), *qui vise à déterminer les conditions nécessaires à l'équilibre financier de la Sécurité sociale et à fixer les objectifs de dépenses en fonction des prévisions de recettes*⁴³.

MOOC

les cours en ligne ouverts et massifs (MOOC `Massive Open Online Course), *type de formation à distance*⁴⁴.

OCDE – ONU – UE

L'Organisation de coopération et de développement économiques (OCDE), *organisation internationale qui œuvre pour la mise en place de politiques publiques favorisant la prospérité, l'égalité des chances et le bien-être pour tous*⁴⁵.

L'Organisation des Nations Unies (ONU), *qui vise résoudre les problèmes internationaux d'ordre économique, social, intellectuel et humanitaire*⁴⁶.

L'Union européenne (UE), *promotrice de la paix et du bien-être de ses peuples au moyen de diverses politiques*⁴⁷.

*Politiques actives du marché du travail (Presupuestos Generales del Estado, PGE), dont le principal objectif est d'accroître les possibilités d'emploi pour les demandeurs d'emploi*⁴⁸.

PGE

Budget général de l'État espagnol, *qui fait ressortir les recettes (fiscales et non fiscales) et les dépenses totales nettes de l'État*⁴⁹.

RBU

Le Revenu de base espagnol o le Revenu universel espagnol (Renta Básica Universal, RBU), *somme versée à tous les citoyens d'un pays sans tenir compte de leurs revenus, de leur patrimoine ou de leur situation professionnelle*⁵⁰.

⁴³ <https://www.vie-publique.fr/fiches/21969-les-lois-de-financement-de-la-securite-sociale-lfss> [Data de consulta: 30/01/21]

⁴⁴ <http://www.sup-numerique.gouv.fr/pid33135/catalogue-de-moocs-cours-en-ligneouverts-et-massifs.html> [Data de consulta: 30/01/21]

⁴⁵ <https://www.oecd.org/fr/> [Data de consulta: 31/01/21]

⁴⁶ <https://unric.org/fr/> [Data de consulta: 31/01/21]

⁴⁷ <https://www.touteurope.eu/actualite/les-objectifs-de-l-union-europeenne.html> [Data de consulta: 31/01/21]

⁴⁸ https://ec.europa.eu/info/sites/info/files/file_import/european-semester_thematic-factsheet_active-labour-market-policies_fr.pdf [Data de consulta: 31/01/21]

⁴⁹ <https://www.cairn.info/economie-des-finances-publiques--9782100745920-page-15.htm#:~:text=Le%20budget%20g%C3%A9n%C3%A9ral%20fait%20ressortir,des%20d%C3%A9penses%20les%20remboursements%20et> [Data de consulta: 02/02/21]

⁵⁰ <https://www.journaldunet.fr/management/guide-du-management/1201133-le-revenu-universel-revenu-de-base/> [Data de consulta: 02/02/21]

2. Acrónimos (siglas impropias)

AIRef

L'Autorité indépendante pour la responsabilité fiscale espagnole (Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal, AIRef), *garante du principe de stabilité budgétaire ainsi que la viabilité financière du pays*⁵¹.

AEVAL

L'Agence nationale d'évaluation des politiques publiques et de la qualité des services publics en Espagne, (Agencia Estatal de Evaluación de las Políticas Públicas y la Calidad de los Servicios, AEVAL)⁵².

Neste caso concreto, o significado do acrónimo resulta ser suficientemente claro para que o público xeral se decate de que se trata dun organismo público de avaliación do Estado español.

TRADE

Le travailleur autonome économiquement dépendant en Espagne (Trabajador autónomo económicamente dependiente, TRADE), *est un concept qui se réfère aux personnes n'intégrant pas le cadre de la définition traditionnelle d'employé, essentiellement du fait de l'absence de tout contrat de travail en tant que salarié -, mais qui sont économiquement dépendantes d'une seule source d'emploi*⁵³.

3. Siglónimo

IVA

La TVA *est un impôt indirect général inclus dans les prix de vente de biens ou de prestations de services et payé par les consommateurs*⁵⁴.

5. Conclusión

Este traballo de investigación, centrado na tradución das siglas de español a francés, puxo de relevo, a partir dun informe sobre a transformación dixital no sistema de financiamento da Seguridade Social, as estratexias translativas aplicables para dar resposta á heteroxeneidade de perfís de receptores dun acto comunicativo cuxo emisor é un especialista. Así, segundo os interlocutores das distintas situacións comunicativas —de especialista a especialista, de especialista a semiespecialista e de especialista a público xeral—, as necesidades no tocante á translación das siglas son distintas. Estes tres tipos

⁵¹ https://fr.qaz.wiki/wiki/Independent_Authority_for_Fiscal_Responsibility [Data de consulta: 02/02/21]

⁵² http://www.aeval.es/export/sites/aeval/comun/pdf/actualidad/160314_Evaluation_politiques_publicques_en_Espagne_Approche_AEVAL.pdf [Data de consulta: 05/02/21]

⁵³ <https://www.eurofound.europa.eu/publications/report/2002/travailleurs-economiquement-dependants-droit-du-travail-et-relations-industrielles> [Data de consulta: 05/02/21]

⁵⁴ <https://droit-finances.commentcamarche.com/faq/22722-taxe-sur-la-valeur-ajoutee-tva-definition-et-calcul> [Data de consulta: 05/02/21]

de receptores fan uso da faceta comunicativa da terminoloxía, mais con esixencias diversas. No contexto dunha situación comunicativa de especialista a especialista ou de especialista a semiespecialista, a tradución dos significados das siglas asegura a súa comprensión plena. En efecto, para ambos tipos de receptores, ao tratarse dunha encomenda de tradución do español ao francés, non teñen por que lograr descifrar as siglas cuxas formas desenvolvidas non se especificuen. En canto ao receptor público xeral, ademais das formas desenvolvidas, precisa explicacións a pé de páxina ou no corpo do texto meta para captar as nocións ás que fan referencia as formas desenvolvidas das siglas.

6. Referencias bibliográficas

- ARNTZ, Reiner e PICHT, Heribert (1995): *Introducción a la terminología*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- BOSCO CAMÓN, Juan (1998): “Anglicismos y Traducción Especializada”, en *Cuadernos Cervantes de la lengua española*, 21, 73-86.
- CABRÉ CASTELLVÍ, María Teresa (1993): *La terminología: teoría, metodología, aplicaciones*. Barcelona: Antártida/Empúries.
- (2002): “Textos especializados y unidades de conocimiento: metodología y tipologización”, en GARCÍA PALACIOS, Joaquín e FUENTES MORÁN, María Teresa (eds.): *Texto, terminología y traducción*. Salamanca: Almar, 15-36.
- CABRÉ CASTELLVÍ, María Teresa e GIRALDO, John Jairo (2006): “Las siglas del ámbito de genoma Humano. Algunas consideraciones desde el punto de vista de los LSP”, en JUAN-GARAU, María; AMENGUAL PIZARRO, Marian e SALAZAR NOGUERA, Joana (coords.): *Lingüística aplicada en la sociedad de la información y la comunicación*. Palma de Mallorca: Universitat de les Illes Balears, Servei de Publicacions i Intercanvi Científic.
- CIAPUSCIO, Guiomar (2003): *Textos especializados y terminología*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada, Universitat Pompeu Fabra.
- GAMERO PÉREZ, Silvia (2001): *La traducción de textos técnicos: descripción y análisis de textos (alemán-español)*. Madrid: Ariel.
- GIRALDO, John Jairo (2012): “Caracterización de las siglas especializadas: el caso de los ámbitos de genoma humano y medio ambiente”, en *Lenguaje*, 40 (2), 507-532.
- HOFFMANN, Lothar (1998): *Llenguatges d'especialitat*. Barcelona: IULA, UPF.
- LORENTE CASAFONT, Mercé (2002): “Terminología y fraseología especializada: del léxico a la sintaxis”, en GUERRERO RAMOS, Gloria e PÉREZ LAGOS, Manuel Fernando (coords.): *Panorama actual de la terminología*. Granada: Editorial Comares (colección Interlingua), 159-179.
- MONTERO MARTÍNEZ, Silvia; FUERTES OLIVERA, Pedro e GARCÍA DE QUESADA, Mercedes (2001): “The Translator as ‘Language Planner’: Syntactic Calquing in an English-Spanish Technical Translation of Chemical Engineering”, en *Meta*, 46 (4), 687-698.